



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE


IES Plurilingüe Elviña

Rúa San José de Calasanz 6
15008 (A Coruña)

☎ 881961061 📠 881961065

ies.elvina@edu.xunta.es

www.edu.xunta.es/centros/ieselvina



DEPARTAMENTO DE MÚSICA

CONTIDOS MÍNIMOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

CURSO 2022-2023

INDICE

CRITERIOS AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E MÍNIMOS 2º ESO	3
CRITERIOS AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E MÍNIMOS 3ºESO	5
CRITERIOS AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E MÍNIMOS 4ºESO	8
CRITERIOS DE AVALIACIÓN ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA	11
CRITERIOS AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E MÍNIMOS 1º BACH	12
CRITERIOS AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E MÍNIMOS 2º BACH	15

CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

2ºESO

1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada aplicando os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.

Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado de expresar coa linguaxe propia do ámbito musical, os elementos básicos definen a materia prima da música.

2. Identificar e analizar os compoñentes básicos dunha obra musical, empregando a linguaxe musical coñecida a través do traballo na aula.

Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado de expresar coa linguaxe propia do ámbito musical, os elementos básicos que configuran unha obra musical.

3. Ser quen de comunicar axeitadamente e con rigor valoracións persoais sobre as distintas manifestacións musicais coñecidas con anterioridade na aula.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado de valorar positivamente e con respecto distintas manifestacións musicais facéndoo co rigor e con criterios de profundidade, indo máis aló dunha simple opinión non sustentada no coñecemento.

4. Utilizar axeitadamente as tecnoloxías do coñecemento á hora de crear ou escoitar unha peza musical.

Con este recurso trátase de avaliar a disposición de apertura e a capacidade de acción do alumnado á hora de utilizar as tecnoloxías do coñecemento no eido musical.

5. Coñecer como se desenvolve a interpretación en grupo, ben sexa instrumental, vocal ou de movemento.

Con este criterio trátase de comprobar a capacidade do alumnado para levar a cabo interpretacións conxuntas conforme as normas que emanan da disciplina musical e do respecto polo quefacer dos demais.

6. Elaborar axeitadamente un pequeno arranxo musical.

Con este criterio trátase de avaliar a aplicación por parte do alumnado dos coñecementos adquiridos na aula no ámbito da creación.

7. Ler axeitadamente as grafías musicais con que se escribe unha obra musical.

Con este criterio preténdese comprobar o grao de coñecemento das grafías básicas que lle permitan ao alumnado a lectura axeitada dunha peza musical.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (2ºESO)

É preciso valorar no día a día a evolución de alumno á hora de desenvolverse nas distintas actividades. Pero, por outra banda, é preciso crear un apoio documental que permita ao alumnado ter un soporte material mais aló do traballo diario no aula.

Son os exames escritos un método de diagnóstico do proceso de ensinanza-aprendizaxe, pero teñen un valor outorgado polo propio alumnado de ser un sistema obxectivo, que poden consultar unha vez feito e que lles serve de acicate para o estudo.

Para tratar de equilibrar todas estas cuestións, este departamento cualificará a evolución e logro dos obxectivos por parte do alumnado atendendo ao reparto seguinte:

- **60% da nota atribuíble ao exame(s) teórico(s) que se fagan durante o trimestre, cos contidos descritos nas táboas anteriores.**
- **20% da nota atribuíble ao exame(s) práctico(s) que engloba(n) os contidos das táboas anteriores, atendendo moi especialmente á participación e musicalidade das propostas do alumnado, valorándose primordialmente a participación, a disciplina fronte as indicacións dadas, e o progreso na afinación e na medida.**
- **20% da nota atribuíble a observación diaria na clase, baseada nos parámetros descritos nas táboas anteriores. As cualificacións de observación na aula serán rexistradas diaria ou semanalmente na axenda dixital do profesor.**

- **A cualificación final, convocatoria ordinaria, obterase da media aritmética das cualificacións dos tres trimestres do curso. Se dita media non chega á cualificación de 5 realizarase unha proba escrita, a modo de recuperación dos trimestres suspensos para dar unha oportunidade ao alumno/a de superar a materia.**

- **A cualificación final, convocatoria extraordinaria, obterase calculando a media dos trimestres aprobados en xuño, xunto coas nota obtidas na proba escrita de recuperación dos trimestres que quedaron pendentes**

- **REDONDEO. No caso de decimais na nota final o redondeo farase por aproximación sendo un 4.5 considerado como un 4 e a partir do 4.6 como un 5. Isto é aplicable ao resto de cualificacións numéricas.**

INDICADORES DE LOGRO (MÍNIMOS, 2ºESO)

-Le con soltura no pentagrama en clave de sol até a primeira liña adicional por encima e por abaixo empregando compases de $2/4$, $3/4$ e C, con figuracións de redonda, branca, negra, corchea e semicorchea, silencios correspondentes. Uso do tresillo de corcheas en pulso de negra. Uso do puntiño de prolongación en brancas e negras.

-Mide seguindo as indicacións de compases binarios, ternarios, cuaternario de subdivisión binaria.

-Fai ditados sinxelos usando as figuracións coñecidas e as notas da escala pentáfona de do.

-Responsabilízase do coidado do instrumento que emprega e non entorpece o labor dos compañeiros.

-Canta de pe, recto e cunha correcta emisión da voz. Fai ostinatos

-Participa de forma construtiva en todas as actividades propostas ao longo do curso.

-Está atento a todas as indicacións que se faga polo director da interpretación, sexa a profesora, sexa un

compañeiro.

-Interioriza o pulso e a obra, de tal xeito que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de erro.

-Recoñece auditiva e visualmente os instrumentos da orquestra sinfónica.

-Coñece as principais tesituras de voces.

Coñece a formación e colocación da orquestra sinfónica.

-É capaz de seguir unha partitura proporcionada para seguir unha audición (implica recoñecer os elementos gráficos).

-Interioriza a necesidade do silencio para poder escoitar unha obra musical.

-Amosa respecto e interese por escoitar as músicas propostas na aula pola profesora e polos compañeiros.

-Comprende os diferentes parámetros que constrúen a obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, tempo, dinámica, forma...

-É autónomo á hora de atopar os parámetros indicados nunha partitura.

-Emprega tanto por escrito como de forma oral un vocabulario específico de forma correcta.

-Emprega distintas fontes de información, bibliográfica e dixital. Participa activamente na realización do traballo colaborativo

-Expón oralmente empregando unha linguaxe e un vocabulario axeitado Responsabilízase solidariamente de todo o traballo presentado polo grupo.

Emprega de forma correcta tanto por escrito como de forma oral un vocabulario específico de forma correcta.

CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN (3ºESO)

1. Recoñecer auditivamente e determinar a época e a cultura musical a que pertencen distintas pezas escoitadas con anterioridade na aula.

Con este criterio preténdese comprobar en que medida o alumnado é capaz situar axeitadamente unha obra musical no contexto que lle é propio.

2. Identificar e analizar os compoñentes básicos dunha obra musical, empregando a linguaxe musical coñecida a través do traballo na aula.

Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado de expresar coa linguaxe propia do ámbito musical, os elementos básicos que configuran unha obra musical.

3. Ser quen de comunicar axeitadamente e con rigor valoracións persoais sobre as distintas manifestacións musicais coñecidas con anterioridade na aula.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado de valorar positivamente e con respecto distintas manifestacións musicais facéndoo co rigor e con criterios de profundidade, indo máis aló dunha simple opinión non sustentada no coñecemento

4. Utilizar axeitadamente as tecnoloxías do coñecemento á hora de crear ou escoitar unha peza musical.

Con este recurso trátase de avaliar a disposición de apertura e a capacidade de acción do alumnado á hora de utilizar as tecnoloxías do coñecemento no eido musical.

5. Coñecer como se desenvolve a interpretación en grupo, ben sexa instrumental, vocal ou de movemento.

Con este criterio trátase de comprobar a capacidade do alumnado para levar a cabo interpretacións conxuntas conforme as normas que emanan da disciplina musical e do respecto polo quefacer dos demais.

6. Elaborar axeitadamente un pequeno arranxo musical. Con este criterio trátase de avaliar a aplicación por parte do alumnado dos coñecementos adquiridos na aula no ámbito da creación.

7. Ler axeitadamente as grafías musicais con que se escribe unha obra musical.

Con este criterio preténdese comprobar o grao de coñecemento das grafías básicas que lle permitan ao alumnado a lectura axeitada dunha peza musical.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (3ºESO)

É preciso valorar no día a día a evolución de alumno á hora de desenvolverse nas distintas actividades. Pero, por outra banda, é preciso crear un apoio documental que permita ao alumnado ter un soporte material mais aló do traballo diario no aula.

Son os exames escritos un método de diagnóstico do proceso de ensinanza-aprendizaxe, pero teñen un valor outorgado polo propio alumnado de ser un sistema obxectivo, que poden consultar unha vez feito e que lles serve de acicate para o estudo.

Para tratar de equilibrar todas estas cuestións, este departamento cualificará a evolución e logro dos obxectivos por parte do alumnado atendendo ao reparto seguinte:

- **40% da nota atribuíble ao exame(s) teórico(s) que se fagan durante o trimestre, cos contidos descritos nas táboas anteriores.**

- **20% da nota atribuíble ao exame práctico que engloba os contidos das táboas anteriores, atendendo moi especialmente á participación e musicalidade das propostas do alumnado, valorándose primordialmente a participación, a disciplina fronte as indicacións dadas, e o progreso na afinación e na medida.**

- **20% da nota atribuíble a observación diaria na clase, baseada nos parámetros descritos nas táboas anteriores. As cualificacións de observación na aula serán rexistradas diaria ou semanalmente na axenda dixital do profesor.**

- **A cualificación final, convocatoria ordinaria, obterase da media aritmética das cualificacións dos tres trimestres do curso. Se dita media non chega á cualificación de 5 realizarase unha**

proba escrita, a modo de recuperación dos trimestres suspensos para dar unha oportunidade ao alumno/a de superar a materia.

- **A cualificación final, conovocatoria extraordinaria, obtérase calculando a media dos trimestres aprobados en xuño, xunto coas nota obtidas na proba escrita de recuperación dos trimestres que quedaron pendentes.**
- **REDONDEO.** No caso de decimais na nota final o redondeo farase por aproximación sendo un 4.5 considerado como un 4 e a partir do 4.6 como un 5. Isto é aplicable ao resto de calificacións numéricas.

INDICADORES DE LOGRO (MÍNIMOS, 3ºESO)

-Le con soltura no pentagrama en clave de sol até a segunda liña adicional por encima e por abaixo empregando compases de $\frac{2}{4}$, $\frac{3}{4}$ e C, con figuracións de redonda, branca, negra, corchea e semicorchea, silencios correspondentes. Uso do tresillo de corcheas en pulso de negra. Uso do puntiño de prolongación en brancas, negras e corcheas.

-Mide seguindo as indicacións de compases binarios, ternarios, cuaternario de subdivisión binaria.
-Facer ditados sinxelos usando as figuracións coñecidas e as notas da escala natural de do. (Até un Máximo oito erros en oito compases)

-Recoñece auditivamente as texturas monódicas, homofónicas e polifónicas. Comprende dos conceptos de repetición, imitación e contraste.

-Resposta a cuestionarios e recoñece diferentes procedementos compositivos de forma auditiva e sobre a partitura.

-Responsabilízase do coidado do instrumento que emprega e non entorpece o labor dos compañeiros.
-Canta de pe, recto e cunha correcta emisión da voz. Fai ostinatos

-Participa de forma construtiva en todas as actividades propostas ao longo do curso.

-Está atento a todas as indicacións que se faga polo director da interpretación, sexa a profesora, sexa un compañeiro.

-Interioriza o pulso e a obra, de tal xeito que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de erro.

-Asúmese de forma solidaria o resultado musical do conxunto. Comprende e valorado concepto da Paisaxe Sonora.

-Crea de paisaxes sonoras imaxinarias empregando bancos de son de carácter gratuíto. Recoñece auditiva e visualmente instrumentos da orquestra sinfónica.

-Coñece as principais tesituras de voces. Coros mixtos, coros de voces brancas e coros masculinos.

-Segue unha partitura proporcionada para seguir unha audición (implica recoñecer os elementos gráficos)

-Interioriza a necesidade do silencio para poder escoitar unha obra musical.

-Amosa respecto e interese por escoitar as músicas propostas na aula pola profesora e polos compañeiros.

-Coñece as características principais dos estilos nos que tradicionalmente dividimos a música Occidental. Idade Media, Renacemento, Barroco, Clasicismo, Romanticismo (Nacionalismos) e música do século XX.

-Comprende os diferentes parámetros que constrúen a obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, tempo, dinámica, forma...

-É autónomo á hora de atopar os parámetros indicados nunha partitura.

-Emprega tanto por escrito como de forma oral un vocabulario específico de forma correcta.

-Comprende que a música está como base de moitísimas das linguaxes que nos rodean, especialmente no ámbito audiovisual.

-Identifica diferentes estilos de danza ao longo da historia

- Emprega distintas fontes de información, bibliográfica e dixital.

- Participa activamente na realización do traballo colaborativo.

-Expón oralmente empregando unha linguaxe e un vocabulario axeitado Responsabilízase solidariamente de todo o traballo presentado polo grupo.

-Emprega de forma correcta tanto por escrito como de forma oral un vocabulario específico de forma correcta.

CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

4ºESO

1. Recoñecer auditivamente e determinar a época e a cultura musical a que pertencen distintas pezas escoitadas con anterioridade na aula.

Con este criterio preténdese comprobar en que medida o alumnado é capaz de situar axeitadamente unha obra musical no contexto que lle é propio.

2. Identificar e analizar os compoñentes básicos dunha obra musical, empregando a linguaxe musical coñecida a través do traballo na aula.

Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado de expresar coa linguaxe propia do ámbito musical, os elementos básicos que configuran unha obra musical

3. Ler axeitadamente as grafías musicais con que se escribe unha obra musical.

Con este criterio preténdese comprobar o grao de coñecemento das grafías básicas que lle permitan ao alumnado a lectura axeitada dunha peza musical.

4. Ser quen de comunicar axeitadamente e con rigor valoracións persoais sobre as distintas manifestacións musicais coñecidas con anterioridade na aula.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado de valorar positivamente e con respecto distintas manifestacións musicais facéndoo co rigor e con criterios de profundidade, indo máis aló dunha simple opinión non sustentada no coñecemento

5. Utilizar axeitadamente as tecnoloxías do coñecemento á hora de crear ou escoitar unha peza musical.

Con este recurso trátase de avaliar a disposición de apertura e a capacidade de acción do alumnado á hora de utilizar as tecnoloxías do coñecemento no eido musical.

6. Coñecer como se desenvolve a interpretación en grupo, ben sexa instrumental, vocal ou de movemento.

Con este criterio trátase de comprobar a capacidade do alumnado para levar a cabo interpretacións conxuntas conforme as normas que emanan da disciplina musical e do respecto polo quefacer dos demais.

7. Elaborar axeitadamente un pequeno montaxe audiovisual.

Con este criterio trátase de avaliar a aplicación por parte do alumnado dos coñecementos adquiridos na aula no ámbito da creación.

8. Elaborar axeitadamente traballo no que se investigue a evolución da música popular e a súa sinerxia con outras formas artísticas .

Con este criterio trátase de avaliar a aplicación por parte do alumnado dos coñecementos adquiridos na aula no ámbito da disciplina musical e outras relacionadas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (4ºESO)

É preciso valorar no día a día a evolución de alumno á hora de desenvolverse nas distintas actividades. Pero, por outra banda , é preciso crear un apoio documental que permita ao alumnado ter un soporte material mais aló do traballo diario no aula.

Son os exames escritos un método de diagnóstico do proceso de ensinanza-aprendizaxe, pero teñen un valor outorgado polo propio alumnado de ser un sistema obxectivo, que poden consultar unha vez feito e que lles serve de acicate para o estudo.

Para tratar de equilibrar todas estas cuestións, este departamento cualificará a evolución e logro dos obxectivos por parte do alumnado atendendo ao reparto seguinte:

- **60% da nota atribuíble ao exame(s) teórico(s) que se fagan durante o trimestre, cos contidos descritos nas táboas anteriores.**
- **20% da nota atribuíble ao exame(s) práctico(s) que engloba(n) os contidos das táboas anteriores, atendendo moi especialmente á participación e musicalidade das propostas do alumnado, valorándose primordialmente a participación, a disciplina fronte as indicacións dadas, e o progreso na afinación e na medida.**
- **20% da nota atribuíble a observación diaria na clase e traballos expostos na clase, baseada nos parámetros descritos nas táboas anteriores. As cualificacións de observación na aula serán rexistradas diaria ou semanalmente na axenda dixital do profesor.**
- **A cualificación final, convocatoria ordinaria, obterase da media aritmética das cualificacións dos tres trimestres do curso. Se dita media non chega á cualificación de 5 realizarase unha proba escrita, a modo de recuperación dos trimestres suspensos para dar unha oportunidade ao alumno/a de superar a materia.**
- **A cualificación final, convocatoria extraordinaria, obterase calculando a media dos trimestres aprobados en xuño, xunto coas nota obtidas na proba escrita de recuperación dos trimestres que quedaron pendentes.**
- **REDONDEO. No caso de decimais na nota final o redondeo farase por aproximación sendo un 4.5 considerado como un 4 e a partir do 4.6 como un 5 Esto é aplicable ao resto de cualificacións numéricas.**

INDICADORES DE LOGRO (MÍNIMOS, 4ºESO)

- Medir e ler seguindo as indicacións de compases binarios, ternarios, cuaternario de subdivisión binaria e ternaria
- Facer ditados sinxelos usando as figuracións coñecidas e as notas da escala natural de do. (Até un Máximo oito erros en oito compases)
- Comprensión dos conceptos de repetición, imitación e contraste. Enumeración das características da forma canción. Tipos.
- Respostar a cuestionarios e recoñecemento de diferentes procedementos compositivos de forma auditiva e sobre a partitura.
- Responsabilízase do coidado do instrumento que emprega e non entorpece o labor dos compañeiros.
- Canta de pe, recto e cunha correcta emisión da voz.
- Participación de forma construtiva en todas as actividades propostas ao longo do curso.
- Está atento a todas as indicacións que se faga polo director da interpretación, sexa a profesora, sexa un compañeiro.
- Interioriza o pulso e a obra, de tal xeito que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de erro.
- Asúmese de forma solidaria o resultado musical do conxunto.
- Creación de paisaxes sonoras imaxinarias empregando bancos de son de carácter gratuito. Recoñece auditivo e visual dos instrumentos da música popular.
- Coñece as principais tesituras de voces. Coros mixtos, coros de voces brancas e coros masculinos. Formación dos grupos de música popular.
- É capaz de seguir unha partitura proporcionada para seguir unha audición, implica recoñecer os elementos gráficos.
- Interioriza a necesidade do silencio para poder escoitar unha obra musical.
- Respecto e interese por escoitar as músicas propostas na aula pola profesora e polos compañeiros.
- Comprende os diferentes parámetros que constrúen a obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, tempo, dinámica, forma...
- Ser autónomo á hora de atopar os parámetros indicados nunha partitura.
- Emprega tanto por escrito como de forma oral un vocabulario específico de forma correcta. Comprende que a música está como base de moitísimas das linguaxes que nos rodean, especialmente no ámbito audiovisual.
- Identifica diferentes estilos de danza ao longo da historia. Empregar distintas fontes de información, bibliográfica e dixital. Participa activamente na realización do traballo colaborativo.
- Expón oralmente empregando unha linguaxe e un vocabulario axeitado Responsabilízase solidariamente de todo o traballo presentado polo grupo.
- Emprega de forma correcta tanto por escrito como de forma oral un vocabulario específico de forma correcta.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO EN ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA

O profesorado enviará o temario e actividades de preparación de cada un dos temas recollido na programación de cada materia.

O traballo realizado na casa non será avaliable, é material para preparar o exame

En cada avaliación haberá un calendario de exames que se levarán a cabo sempre en presenza do profesorado de Atención educativa domiciliaria que será o encargado de que se cumplan as garantías de obxectividade e autonomía na realización das probas.

A nota do exame será a nota da avaliación.

No terceiro trimestre, xunto co exame da terceira avaliación, realizarase a recuperación daquelas avaliacións que estean suspensas.

A nota final será a correspondente á media das 3 avaliacións.

Se a nota media é inferior ó 5 o alumno deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro no que entrará toda a materia.

En caso de que un exame non se poida realizar por causa médica (deberá presentar un xustificante médico) o exame se poderá realizar no día seguinte no que estea o profesor de atención educativa domiciliaria presente.

No caso de que non se poida realizar un exame sen falta debidamente xustificada, a avaliación quedará suspensa cun 1 e realizará o correspondente exame de avaliación na primeira semana da avaliación seguinte.

O alumno non poderá usar medios de consulta nos exames: apuntes, internet ou calquera outro medio de consulta que comprometa a obxectividade da proba. No caso de facelo considerarase que está copiando polo que o exame será calificado cun 0 (no boletín de avaliación figurará a nota mínima na ESO, 1 punto).

Aqueles alumnos que polas súas características necesitan adaptación no acceso os materiais e/ou contidos e que non utilicen os medios especificados polo Equipo de orientación específico, o seu exame será calificado cun 0 (no boletín de avaliación figurará a nota mínima na ESO, 1 punto).

Se durante o curso prodúcese a suspensión das clases presenciais, os contidos serán enviados a través de medios telemáticos e, a avaliación, será tamén nun único exame por avaliación pero este será realizado por medios telemáticos que determinará cada profesor: Webex, aula virtual etc...

CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN CRITERIOS DE AVALIACIÓN **1ºBACH**

1. Entoar correctamente unha melodía, con acompañamento instrumental ou a capella, individualmente ou en grupo.

Este criterio ten por obxecto comprobar a capacidade do alumnado para aplicar a técnica vocal, para cantar afinadamente un fragmento tonal aplicando as indicacións de expresión na partitura.

2. Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra ou fragmento, así como o acento periódico, e interiorizalo para mantelo durante breves períodos de silencio.

Este criterio trata de contrastar a percepción do pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e lograr unha correcta interiorización do pulso que permita posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva.

3. Identificar e interpretar estruturas e desenvolvementos rítmicos ou melódicos simultáneos dunha obra breve ou fragmento, instrumental ou vocalmente, con e sen cambio de compás, nun tempo establecido.

Con este criterio de avaliación búscase constatar a capacidade do alumnado de interpretar –vocal e instrumentalmente- de sentir internamente o pulso e encadear diversas fórmulas rítmicas axeitadas a este nivel con exactitude, nun tempo establecido, utilizando a disociación auditiva e motora e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás.

4. Realizar exercicios psicomotores e improvisar estruturas rítmicas sobre un fragmento escoitado individual ou conxuntamente.

Este criterio de avaliación persegue desenvolver a relación afectiva do alumnado coa música, estimular a súa capacidade creativa e expresiva a través da práctica de variantes das fórmulas rítmicas coñecidas ou improvisando libremente estas, acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado.

5. Identificar e reproducir intervalos, modelos melódicos, escalas ou acordes arpexados a partir de diferentes alturas.

Con este criterio trátase de comprobar a destreza para reproducir un mesmo feito melódico desde calquera altura, mantendo correctamente a intervállica do modelo e entendendo a tonalidade como unha realidade que responde a unhas regras determinadas.

6. Improvisar, individual ou colectivamente, breves melodías tonais ou modais, pequenas formas musicais partindo de premisas relativas a diferentes aspectos da linguaxe musical.

Este criterio pretende comprobar a asimilación dos conceptos tonais e modais básicos, o desenvolvemento da creatividade e a capacidade de selección e usar libremente os elementos da linguaxe musical de acordo cunha idea e estruturados nunha forma musical. Tamén avaliará a actitude para integrarse como un membro máis no grupo.

7. Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas.

Coa aplicación deste criterio preténdese comprobar a capacidade do alumnado para percibir os aspectos básicos dunha obra musical: rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos, modos de ataque, articulacións, etc., seleccionando previamente os aspectos que deban ser identificados ou ben deixando libremente que identifique os aspectos que lle resulten máis salientables.

8. Interpretar de memoria, individual ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio, seleccionados entre os propostos polo alumnado.

Este criterio trata de avaliar o coñecemento do repertorio do alumnado, a súa capacidade de memorización, o desenvolvemento da súa sensibilidade musical, a súa capacidade expresiva, así como a súa actitude ante a música e ante os seus compañeiros e compañeiras.

9. Improvisar ou compoñer e interpretar unha breve obra musical para unha melodía dada que precise da participación de varios intérpretes e incorporar movemento coreográfico, utilizando os coñecementos musicais adquiridos.

Con este criterio preténdese comprobar o grao de asimilación dos conceptos teóricos da linguaxe musical e da capacidade do alumnado para usalos e combinalos na creación dunha pequena obra musical, a súa capacidade para construír a través do movemento unha creación coreográfica, axeitando o seu concepto ao carácter expresivo da obra, así como a súa disposición para realizar un traballo de maneira cooperativa, integrándose nun grupo.

10. Realizar traballos ou exercicios aplicando as ferramentas das tecnoloxías da comunicación aplicadas á música.

Con este criterio preténdese comprobar o desenvolvemento alcanzado no uso dos editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicacións audiovisuais.

Creacións musicais completas que serán colgadas como exercicios de clase en lugares virtualmente accesibles para todos os compañeiros, empregando calquera dos software traballado no curso

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (1ºBACH)

É preciso valorar no día a día a evolución de alumno á hora de desenvolverse nas distintas actividades. Pero, por outra banda, é preciso crear un apoio documental que permita ao alumnado ter un soporte material mais aló do traballo diario no aula.

Son os exames escritos un método de diagnóstico do proceso de ensinanza-aprendizaxe, pero teñen un valor outorgado polo propio alumnado de ser un sistema obxectivo, que poden consultar unha vez feito e que lles serve de acicate para o estudo.

Para tratar de equilibrar todas estas cuestións, este departamento cualificará a evolución e logro dos obxectivos por parte do alumnado atendendo ao reparto seguinte:

- 40% da nota atribuíble ao exame(s) teórico(s) que se fagan durante o trimestre, cos contidos descritos nas táboas anteriores.
- 50% da nota atribuíble ao exame(s) práctico(s) que engloba(n) os contidos das táboas anteriores, atendendo moi especialmente á participación e musicalidade das propostas do alumnado, valorándose primordialmente a participación, a disciplina fronte as indicacións dadas, e o progreso na afinación e na medida.
- 10% da nota atribuíble a observación diaria na clase e traballos expostos na clase, baseada nos parámetros descritos nas táboas anteriores. As cualificacións de observación na aula serán rexistradas diaria ou semanalmente na axenda dixital do profesor.
- A cualificación final, convocatoria ordinaria, obterase da media aritmética das cualificacións dos tres trimestres do curso. Se dita media non chega á cualificación de 5 realizarase unha proba escrita, a modo de recuperación dos trimestres suspensos para dar unha oportunidade ao alumno/a de

superar a materia.

- A cualificación final, convocatoria extraordinaria, obterase calculando a media dos trimestres aprobados en xuño, xunto coas nota obtidas na proba escrita de recuperación dos trimestres que quedaron pendentes.
- REDONDEO. No caso de decimais na nota final o redondeo farase por aproximación sendo un 4.5 considerado como un 4 e a partir do 4.6 como un 5. Isto é aplicable ao resto de calificacións numéricas.

Indicadores de logro (MÍNIMOS, 1ºBACH)

1. Canta de pe, recto e cunha correcta emisión da voz.
2. Participa en interpretacións en clase ou en actuacións e realiza correctamente a súa parte, tanto en referencia ás indicacións da partitura como as feitas pola profesora ou compañeiro/a que dirixa.
3. Reproduce e identifica todos os intervalos no seo da 8ª, os acordes e arpejos.
4. Corrixe e busca unha correcta afinación
5. Interioriza o pulso e a obra, de tal xeito que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de erro.
6. Respectase os silencios tanto ao inicio da peza, como no medio e ao final.
7. Lectura con soltura no pentagrama en clave de sol até a segunda liña adicional por encima e por abaixo empregando compases de 2/4, 3/4 e C , 6/8 e 3/8 con figuracións de redonda, branca, negra, corchea e semicorchea, silencios correspondentes. Uso do tresillo de corcheas en pulso de negra. Uso dos puntillos de prolongación en brancas, negras e corcheas.
8. Lectura con soltura no pentagrama en clave de fa ata a primeira liña adicional, empregando figuras de redonda, brancas, negras e corcheas e silencios correspondentes, puntillos de prolongación en brancas e negras.
9. Dictados rítmicos en 2/4, 3/4, 4/4 e 6/8 usando brancas, negras, corcheas, semicorcheas, e grupos de combinación dos mesmo. puntiños en brancas, negras e corcheas.. Comezos téticos e anacrúsicos. sincopas de negra entre corcheas. ♪♪♪ e de corcheas entre semicorcheas. Tresillos e dosillos, notas a contratempo. en pulso de negras. (Até un Máximo oito erros en oito compases)
10. Facer dictados en Do M e lam, notas desde o si2 ata o re4. coas indicacións rítmicas arriba indicadas. (Até un Máximo oito erros en oito compases)
11. Recoñecemento de acordes en Do M, II, , IV, V, VI e VII. en la m .I, IV eV (Até un Máximo oito erros en oito compases)
12. Recoñecemento auditivo dos instrumentos da orquestra sinfónica, piano, guitarra, instrumentos da banda de rock standar, da música tradicional galega, e das principais agrupacións vocais.
13. Modificacións ao longo da historia: Orquestra barroca, orquestra clásica, orquestra romántica, orquestra sinfónica do século XX e recoñecemento auditivo das mesmas.
14. Identifica texturas en audicións. Monodía, Polifonía (texturas contrapuntísticas), Homofonía (Melodía acompañada) e Heterofonía.
15. Ser capaz de seguir unha partitura proporcionada para seguir unha audición, implica recoñecer os elementos gráficos.
16. Recoñecemento das indicacións de repetición. Doble barras, da Capo, fine, e similares.
17. Coñecemento dos convencionalismos das partituras. Sistemas, lectura de abaixo-arriba, disposición dunha partitura orquestral ou coral.
18. É capaz de comprender a nomenclatura de acordes de Jazz-rock, e de recoñecer as irregularidades do ritmo propias da interpretación deses estilos.
19. Identifica e trata de seguir partituras de música contemporánea.
20. Le con soltura na clave de sol e de fa.
21. É capaz de seguir a lectura na clave de do en 3ª.
22. Comprende a relación entre as tres claves e as tesituras.
23. Escalas tonais maiores e menores até cinco alteracións
24. equivalente enharmónicas
25. Especies de intervalos simples.
26. escalas cromáticas

27. Transcripción nas tres claves coñecidas.
28. Recoñece os acordes triadas en estado fundamental e en inversión
29. Recoñece os acordes cuatríadas de dominante e de sensible.
30. Recoñece auditivamente e funcionalmente as cadencias.
31. Recoñece e sabe cifrar os acordes tanto no cifrado barroco e no de Jazz
32. Emprega tanto por escrito como de forma oral un vocabulario específico de forma correcta.
33. Crea melodías con sentido musical atendendo a unha serie de instrucións no editor de partituras
34. Improvisa vocalmente melodías a partir de textos dados.
35. Improvisa e crea ritmos sobre textos dados.
36. Crea harmonizacións sinxelas a partir de melodías dadas ou orixinais.
37. Interpreta correctamente a súa voz nas interpretacións propostas pola profesora
38. Memoriza a súa parte para unha mellor interpretación
39. Está atento a todas as indicacións que se faga polo director da interpretación, sexa a profesora, sexa un compañeiro.
40. Interioriza o pulso e a obra, de tal xeito que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de erro.
41. Respectase os silencios tanto ao inicio da peza, como no medio e ao final.
42. Non se culpabiliza os erros dos compañeiros.
43. Asíumese de forma solidaria o resultado musical do conxunto.

CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN (2º BACH)

1. Identificar, a través da audición ou do visionado, obras de diferentes épocas, estéticas ou estilos, e describir os seus trazos máis característicos, establecendo a súa pertenza a un período histórico.

Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, xénero, estrutura formal, características estéticas e trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.

2. Emitir xuízos críticos e persoais sobre as obras escoitadas ou vistas mediante unha análise estética ou un comentario crítico, considerando aspectos técnicos, expresivos e interpretativos, utilizando os coñecementos adquiridos e a terminoloxía apropiada.

Este criterio trata de avaliar, por unha parte, a capacidade do alumnado para expresar as súas propias valoracións persoais sobre obras ou interpretacións de obras concretas baseándose nas súas características artísticas e empregando, polo tanto, os coñecementos que posúe; e, por outra, o seu dominio da terminoloxía propia da música e a danza.

3. Situar cronoloxicamente unha obra tras a súa escoita ou visión e comparar obras de características similares representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando as súas semellanzas e diferenzas.

Mediante este criterio de avaliación preténdese comprobar se o alumnado é capaz de recoñecer as características que lle permiten situar unha obra concreta nun período estilístico, así como se coñece e diferencia as principais características dos estilos, xéneros e escolas da historia da música e a danza.

4. Interrelacionar a historia da música e a danza, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade.

Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para comprender a complexidade do fenómeno artístico extraendo conclusións propias e reelaborando os coñecementos adquiridos na materia, así como a evolución do seu pensamento crítico no referente á súa capacidade de valoración das distintas etapas da historia da música e da función das obras no momento da súa creación.

5. Identificar as circunstancias culturais ou sociolóxicas que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo das distintas épocas, estilos ou autoras e autores máis representativos da historia da música e a danza.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para analizar a complexidade de

circunstancias que, pola súa importancia, determinan o posterior desenvolvemento dunha época, dun estilo ou dunha autoría determinada.

6. Realizar comentarios de textos relativos á música ou á danza.

Este criterio avalía a capacidade para captar e describir as formulacións plasmadas pola persoa autora do texto e relacionalas coas correntes estéticas e estilísticas dunha época concreta.

7. Realizar e expor un traballo sinxelo que requira a procura de información nos medios ao seu alcance sobre algún aspecto determinado e relativo á música, á danza, á literatura ou á estética da arte de calquera época, actual ou pasada.

Este criterio valorará en que medida o alumnado é quen de realizar e expor en termos aceptables un pequeno traballo, individual ou en equipo, no cal teña que manexar con autonomía distintas formas de información (sonoras ou escritas) e recorrer ás tecnoloxías da información e da comunicación ao seu alcance, empregando con rigor os datos obtidos.

8. Explicar, a partir dun exemplo proposto, a través dunha análise ou comentario, a utilización da música e da danza como soporte dun texto literario ou como medio de intensificación dramática en óperas, ballet, cine ou teatro.

Este criterio pretende comprobar o desenvolvemento da comprensión do papel da música e da danza e o xeito en que se relaciona con outras artes para configurar xunto a elas unha obra artística total.

9. Identificar a función dos distintos axentes implicados na creación e difusión da música e da danza.

Con este criterio preténdese que non só coñezan e valoren aspectos diferentes da composición, interpretación e edición que interveñen na creación da música, senón tamén que aprecien a contribución dos medios de comunicación, así como das tecnoloxías da información e da comunicación, á creación e difusión da música.

10. Recoñecer as características máis destacadas do patrimonio musical galego, así como do resto do Estado español, e adoptar unha postura activa sobre o mesmo.

Este criterio avalía a capacidade do alumnado á hora de entender e valorar o papel xogado por creadoras, creadores e intérpretes de Galicia e do resto do Estado español, así como de comprender a importancia da música e da danza patrimonial, mostrando unha postura activa cara ao seu coñecemento, protección, recompilación e transmisión

11. Entoar correctamente unha melodía, con acompañamento instrumental ou a capella, individualmente ou en grupo.

Este criterio ten por obxecto comprobar a capacidade do alumnado para aplicar a técnica vocal, para cantar afinadamente un fragmento tonal aplicando as indicacións de expresión na partitura.

12. Identificar e interpretar fragmentos musicais de distintos períodos históricos.

Con este criterio de avaliación búscase constatar a capacidade do alumnado de interpretar –vocal e instrumentalmente-, mantendo unha cohesión co período histórico determinado.

13. Interpretar de memoria, individual ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio (musical e coreográfico), seleccionados entre os propostos polo alumnado.

Este criterio trata de avaliar o coñecemento do repertorio do alumnado, a súa capacidade de memorización, o desenvolvemento da súa sensibilidade musical, a súa capacidade expresiva, así como a súa actitude ante a música e ante os seus compañeiros e compañeiras.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (2ºBACH)

É preciso valorar no día a día a evolución do alumno á hora de desenvolverse nas actividades interpretativas e de creación musical. Pero, por outra banda, é preciso crear un apoio documental que permita ao alumnado ter un soporte material máis aló do traballo diario no aula, máis nesta materia na que os alumnos carecen de libro de texto.

Os exames escritos son un método máis de diagnóstico do proceso de ensino-aprendizaxe, pero teñen un valor outorgado polo propio alumnado de ser un sistema obxectivo, que poden consultar unha vez feito e que lles serve de acicate para o estudo.

Para tratar de equilibrar todas estas cuestións, este departamento cualificará a evolución e logro dos obxectivos por parte do alumnado atendendo ao reparto seguinte:

-50 % da nota atribuíble aos exames que se fagan coincidindo coa avaliación.

-40% será determinada polo traballo na aula do alumno, interpretacións, comentarios de texto, de audicións e visionados coreográficos. Estes comentarios estarán directamente relacionados co modelo de exame proposto pola CIUG ou o organismo correspondente encargado de establecer a reválida de 2º de Bacharelato.

Valorarase o grao de asimilación dos contidos, a expresión madura cunha linguaxe axeitada, a interpretación axustada conforme ao traballado no día a día, a participación, a disciplina fronte as indicacións dadas, e o progreso na afinación e na medida. Non se poderá valorar do mesmo xeito a facilidade e a beleza do timbre e será sancionada a non participación do alumnado nestas actividades. Xa que impedirá a avaliación positiva na materia independentemente da nota matemática conseguida nos outros procedementos avaliadores.

-10 % por traballos e exercicios que se fagan na casa, presentacións que se propoñan para o aula, e demais traballos que se fagan na materia. Considerarase a tal fin, tanto os traballos de exercicios, como os proxectos baseados en lecturas, podcasts, buscas en Internet, presentacións ou creacións informáticas que sexan propostos na clase.

-Os alumnos que teñan aprobadas as materias oficiais correspondentes no Conservatorio Profesional de Música e non queiran validar a materia, teñen a opción de presentarse aos exames finais de cada avaliación e presentar os traballos pertinentes, perdendo o dereito a avaliación continua.

A cualificación final, convocatoria ordinaria, obterase da media aritmética das cualificacións dos tres trimestres do curso. Se dita media non chega á cualificación de 5 realizarase unha proba escrita, a modo de recuperación dos trimestres suspensos para dar unha oportunidade ao alumno/a de superar a materia.

A cualificación final, convocatoria extraordinaria, obterase calculando a media dos trimestres aprobados en xuño, xunto coas notas obtidas na proba escrita dos trimestres que quedaron pendentes.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Do apartado anterior dedúcese que os procedementos para a avaliación dos alumnos serán basicamente de tres tipos. Para os cales utilizaremos os seguintes instrumentos e procedementos de avaliación:

-As actividades musicais e coreográficas, comentarios de textos, audicións e visionado de coreografías que se fagan na clase, e que serán consideradas diaria e individualmente polo docente para cada estudante. Incluíríamos dentro delas as seguintes.

-Lecto-escritura de fragmentos sinxelos.

-Interpretación por medio dun instrumento ou da voz dunha partitura proposta.

-Interpretación de coreografías históricas.

-Comentarios de textos que axuden a unha mellor comprensión da evolución da historia da música e da danza.

-Comentarios de audicións entre as propostas pola CIUG, seguindo as pautas establecidas pola docente para cada unha das audicións.

-Comentarios de coreografías de repertorio básico.

-Realización de pequenos cuestionarios, webquests e probas dos contidos desenvolto en cada bloque.

Dentro dos traballos musicais que o alumno terá que preparar ao longo do curso consideraremos dúas categorías de exercicios.

-Os que serán presentados por escrito e que servirán como base para a preparación dos exames dos alumnos e complemento dos apuntes que eles mesmos collan dentro das clases, terán que ser recompilados polos alumnos, e incorporar aqueles que sexan obxecto de corrección por parte da profesora, e ser presentados no momento en que sexan solicitados como parte da actividade avaliadora.

-Aqueles que sexan doutro carácter como presentacións, debates, traballos coa informática musical ou as TIC ou outras actividades de contido oral ou virtual, serán valorados de forma diaria e individual polo profesor no momento de realizar actividade.

Cada trimestre o alumnado desenvolverá un glosario de termos musicais e dancísticos coa súa correspondente definición. Este glosario estará relacionado directamente coa evolución da música e da danza ao longo da historia. Este vocabulario axudará directamente á hora de realizar comentarios de audicións, coreografías e textos.

Os exames constarán das seguintes partes:

-A primeira parte, terá un contido máis teórico, daqueles elementos que se traballen na avaliación, cun tema a desenvolver e preguntas curtas.

-A segunda parte, constará dun comentario de audición, tomando como punto de partida as audicións propostas pola CIUG para a materia na reválida. Servirá para comprobar a capacidade do estudante para discriminar auditivamente os elementos sonoros e situalos no contexto histórico determinado.

Indicadores de logro

-Participa en interpretacións en clase ou en actuacións e realiza correctamente a súa parte, tanto en referencia ás indicacións da partitura como as feitas pola profesora ou compañeiro/a que dirixa.

-Analiza correctamente, situando temporalmente e analizando os distintos parámetros da música e da danza segundo o contexto histórico.

-Recoñece as características fundamentais de cada período histórico, así como os autores máis importantes.

-Relaciona as distintas manifestacións artísticas, así como correntes filosóficas entre si, de forma que pode utilizalas nun comentario de texto/audición/coreografía, así como no desenvolvemento dun tema.

-Comprende a evolución das distintas agrupacións musicais, principalmente da orquestra.

-Analiza a evolución das texturas musicais e as recoñece auditivamente.

-É capaz de definir a evolución da técnica coreográfica e establece correctamente as distintas escolas interpretativas.

-Relaciona con precisión os distintos movementos musicais e coreográficos cos seus creadores máis relevantes

-Memoriza a súa parte para unha mellor interpretación

-Está atento a todas as indicacións que se faga polo director da interpretación, sexa a profesora,

sexa un compañeiro.

-Interioriza o pulso e a obra, de tal xeito que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de erro.

-Respéctase os silencios tanto ao inicio da peza, como no medio e ao final.